



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Óptica e Optometría

Curso Académico: Curso 2018-2019

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

- Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
- Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-3](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-2](#)
 - [AM-4](#)
 - [AM-7](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-1](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-5](#)
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - [AM-6](#)
 - [AM-8](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-9](#)
- Criterios anteriores a curso 2017/2018
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - [AM-9](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - [AM-4](#)
- Finalizadas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Óptica e Optometría
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Óptica e Optometría
Centro/s onde se imparte	Facultade de Óptica e Optometría
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	03/05/2010
Data renovación acreditación	09/06/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Grao en Óptica e Optometría é unha titulación de Ciencias da Saúde que habilita para o exercicio dunha profesión regulada por Lei, a de Óptico Optometrista. Así, os contidos do Grao en Óptica e Optometría axústanse ao establecido na Resolución de 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, pola que se publica o “Acuerdo del Consejo de Ministros, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudios conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de Óptico-Optometrista”, e ás Directrices Propias desta titulación (*Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo, por la que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Óptico-Optometrista*). A titulación, única no SUG, imparte ensinanza de tipo presencial para o Grao e, ata este curso, impartía ensinanza semipresencial para o curso ponte, o cal estase a extinguir, e só se permiten realizar as avaliacións das materias pendentes ata o curso 2019-20 .

O Grao de Óptica e Optometría xustifícase pola súa implantación exclusiva dentro do Sistema Universitario de Galicia, polo feito de orientarse a unha profesión regulada e pola estabilidade da súa demanda. É evidente o interese dos estudos de Grao entre o alumnado que acaba a súa formación preuniversitaria, onde a gran demanda (377 solicitudes de matrícula neste curso) permite cubrir anualmente as 55 prazas ofertadas (INF.CIUG). A nota media de acceso por preinscrición do curso 2018-19 foi de 9,57, onde o 100% do estudantado accedeu ao título con nota media maior ou igual a seis. Obsérvase que a nota de acceso é alta, e dende o curso 2013-14 vense mantendo unha tendencia ascendente. Isto permite considerar que o Grao en Óptica e Optometría está actualizado e mantén a súa relevancia.

A procedencia do alumnado é maioritariamente de Galicia (247 alumnos/as), onde A Coruña (99 alumnos/as) e Pontevedra (94 alumnos/as) son as provincias claramente con maior representación de alumnado matriculado.

Aínda que tamén hai alumnos/as procedentes doutras Comunidades Autónomas (Asturias, Canarias, Madrid, Castela e León e Extremadura) a porcentaxe é moi pequena (20 alumnos, o que supón o 7,4 % do total)

No relativo á relevancia e actualización do perfil formativo/egreso segundo os requisitos do seu ámbito profesional, e en particular como profesión regulada, o grao de satisfacción dos titores de prácticas externas é un bo indicador, obtendo unha valoración de 4,15 sobre 5. Hai que salientar que o grao de participación deste colectivo nas enquisas de satisfacción duplicouse en relación ao curso pasado, pasando dun 20,97% a un 40,1% dos entrevistados. Este incremento na participación foi motivado por accións informativas ao grupo de interese, aos cales enviáronse correos recordatorios solicitando a súa participación, tanto ao inicio e na metade do período das enquisas. De tódolos xeitos, hai que continuar mellorando este dato para sacar conclusións máis fiables.

En relación aos titores académicos de prácticas externas, a súa valoración tamén foi positiva, tal como se observa na enquisa de satisfacción, na que valoran cun 4.5 sobre 5 o grao de adecuación das tarefas realizadas polo alumnado coas competencias profesionais da titulación.

Un aspecto importante do Grao de Óptica e Optometría, que tamén supón un bo indicador da súa relevancia, é a súa compoñente asistencial a través da realización de prácticas curriculares na Clínica Universitaria de Optometría, o Servizo de Optometría. Esta clínica, situada na propia Facultade, ten como principal función a docencia, ao tempo que para dito fin, ten unha función asistencial, ofertando prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Na última Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG situou o Servizo de Optometría como eixo da formación que se ofrece ao alumnado co fin de que estes adquiran as competencias clínicas relacionadas co seu futuro profesional, e que adquieren cursando tres materias clínicas obrigatorias: clínica optométrica I e Clínica Optométrica II, de 4,5 créditos ECTS cada unha; e Clínica Optométrica III, de 6 créditos. Na táboa 1 indícanse os datos dos pacientes atendidos na Clínica de Optometría da USC dende o curso académico 2013/2014 ata o 2018/19, segundo os Informes do Servizo de Optometría. Apréciase un aumento do número de pacientes atendidos con respecto aos últimos cursos. Esta afluencia de pacientes facilita que as prácticas poidan realizarse de forma axeitada; de feito é esencial para adaptarse aos criterios do Diploma Europeo. Neste sentido, o Diploma Europeo en Optometría, establecido polo *European Council of Optometry and Optics* (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Co fin de acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun “portafolio” deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Na titulación véñse incorporando o uso do portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido estableceuse unha acción de mellora para completar a implementación do portafolio de práctica clínica que aínda hai que rematar.

	curso 2013/14	curso 2014/15	curso 2015/16	curso 2016/17	curso 2017/18	curso 2018/19
Nº pacientes atendidos no SO	608	654	573	590	812	858

Táboa 1: Datos dos pacientes atendidos segundo os Informes do Servizo de Optometría. SO: Servizo de Optometría

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O actual programa formativo correspóndese coa memoria verificada e as posteriores modificacións da mesma incorporadas nos informes de seguimento, o que garante a adquisición por parte do alumnado das competencias recollidas nela.

Actualmente na páxina Web da facultade indícase o programa de cada materia onde se mostran os obxectivos da mesma, os contidos xerais, a bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema

de avaliación. Toda esa información está dispoñible no seguinte vínculo: <http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9>

Ademais estase no proceso de implantación dun modelo de guía docente tal como se recollía na acción de mellora AM-2 proposta para o curso 2017-18, comezando no curso 2018-19 coa publicación das guías das materias de primeiro curso, acción que segue en proceso ata completar a implantación das guías en todos os cursos do Grao.

A media de alumnado por grupo de teoría, tal como se pode ver no indicador IN31G, pasou de 53,81 alumnos no curso 2012-13 a 48,33 no curso 2017-18. Non temos datos deste indicador para o curso 2018-19, polo que non se pode saber como foi a súa evolución neste curso. Na táboa 2 pódese ver que este indicador experimentou unha diminución nos dous últimos cursos dos que temos datos, aínda que é practicamente inapreciable. Pódese dicir que o tamaño dos grupos das clases de teoría son moi reducidos, se temos en conta outros graos da USC.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN31G	53,81	49,14	50,57	52,60	46,74	48,33

Táboa 2. Media de alumnos/as por grupo de teoría (IN31G)

En relación ao número de alumnos/as por grupo de docencia interactiva, indicar que neste curso a media foi de 16,90 alumnos/as por grupo tal como ven dado polo indicador IN32G. Sinalar que no Grao temos grupos de docencia interactiva de prácticas con módulo de 20, 10 e 5 alumnos/as dependendo do carácter non clínico, preclínico ou clínico das materias. Na táboa 3 móstrase a evolución deste indicador dende o curso 2012-13 segundo o tipo de docencia interactiva:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grupos clínicos	6,98	7,86	7,36	7,36	7,34	8,31	7,39
Grupos de laboratorio	22,26	22,75	21,54	23,23	18,96	23,08	19,39
Grupos de seminario	27,79	29,27	30,79	32,46	30,58	30,72	30,39
Total	16,19	18,14	17,51	18,51	17,00	18,70	16,90

Táboa 3. Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva (IN32G)

Pódese afirmar que o número de alumnos/as nos grupos de interactivas, en relación ao curso pasado, experimentou unha lixeira diminución nos grupos de laboratorio, moi pequena nos grupos clínicos, e practicamente inapreciable nos grupos de seminario. Obsérvase que en relación aos grupos clínicos, no Grao en Óptica e Optometría hai materias preclínicas que teñen grupos de 10 alumnos/as, mentres que as materias clínicas impartidas no Servizo de Optometría, onde se examinan a pacientes, os grupos están formados por 5 alumnos/as, sendo este o número máximo desexable para unha correcta docencia deste tipo. Polo tanto este indicador volveuse a calcular separando as materias preclínicas das clínicas, obtendo un valor de 9,68 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias preclínicas e un valor de 5,03 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias clínicas.

En canto ao curso ponte neste curso non houbo oferta de prazas de novo ingreso, segundo o acordo da Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2018 na que se eliminou a súa oferta debido á diminución da súa demanda. Pola outra banda, o alumnado con materias pendentes poderían matricularse para superalas ata o curso 2019-20. A facultade notificou deste feito a través da páxina Web tanto no seu taboleiro coma no apartado adicado ao curso ponte. Finalmente, neste curso houberon un total de 17 matriculados para rematar os estudos de curso ponte.

Con respecto aos programas de mobilidade, estableceuse contacto dende o Decanato xunto coa responsable

académica de mobilidade, a prof. Eva Yebra-Pimentel, con varias universidades estranxeiras e firmáronse convenios coas seguintes universidades europeas: Universidade de Roma, Universidade de Milán, Universidade de Transilvania (Romanía), Universidade da Beira Interior (Covilhã – Portugal) e a Universidade de Aalen (Alemania). O listado de universidades coas que a facultade ten convenio, tanto no programa ERASMUS coma do SICUE, atópase publicado na páxina Web da facultade, onde tamén os alumnos teñen acceso directo aos plans de estudos da titulación en ditas universidades (https://www.usc.gal/gl/centros/opto/Mobilidade_Foop.html). No curso 2018-19 houbo un alumno que saíu a outra universidade, mediante o programa SICUE, concretamente á universidade Complutense de Madrid; e recibíronse 3 alumnos, un polo programa SICUE da Universidade Complutense de Madrid, e os dous restantes mediante convenio coa universidade Autónoma de Querétaro (México) e a Universidade Vasco de Quiroga (México). Aínda que se pode observar un aumento da mobilidade con respecto ao curso anterior, segue a ser necesario aumentar estes números, para o que os convenios ERASMUS que se teñen firmado son fundamentais.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende a súa implantación, no Grao en Óptica e Optometría existe a figura de coordinador/a do Grao e dos/das coordinadores/as de curso, que se reúnen unha vez ao mes para analizar as posibles incidencias na docencia do Grao, e tratar temas como a revisión das programacións das materias de cara ao curso 2019-20. En xeral, non houbo incidencias no desenvolvemento dos diferentes cursos do Grao. Ademais destas, a coordinadora do Grao en Óptica e Optometría mantivo diversas reunións co alumnado titor do curso 2018-19, co fin de planificar e coordinar a súa actuación, que basicamente consistiu en informar sobre cuestións relacionadas coa titulación (materias impartidas, contidos, etc) principalmente a alumnado de primeiro curso. Tamén lles deron indicacións das instalacións da Facultade, sobre todo do Decanato e do Servizo de Optometría.

En relación ás prácticas tuteladas, que se imparten tanto no grao coma no curso ponte, indicar que a xestión e avaliación das mesmas realízase a Comisión de Prácticas, garantíndose por tanto a adquisición das mesmas competencias con independencia da modalidade cursada. De acordo á memoria do Grao, a Comisión de Prácticas Tuteladas elabora unha memoria anual na que se recolle a información relevante relacionada cos centros de prácticas que foron asignados, a satisfacción do estudiantado, a valoración dos/das tutores/as, etc. Hai que salientar que neste curso creouse unha caixa de correo compartida para facilitar a comunicación coa Comisión de Prácticas Tuteladas.

Segundo o informe de prácticas tuteladas do curso 2018-2019 a comisión reuniuse o 21 de setembro de 2018 para realizar a asignación de centros na convocatoria do primeiro semestre, e o 22 de febreiro de 2019 para a asignación do segundo, datas establecidas na Xunta de Centro. No primeiro semestre asignáronse centros a 11 alumnos/as admitidos/as na convocatoria, e na segunda a 31 alumnos/as. A comisión volveuse reunir o 18 de xaneiro de 2018 e o 15 de maio de 2018 para avaliar as prácticas tuteladas da primeira e segunda convocatoria. A avaliación, tal como se indica na memoria verificada do Grao, resulta da combinación da cualificación outorgada polo/a titor/a óptico-optometrista do Centro Óptico, a cualificación da memoria de prácticas outorgada pola comisión e o exame realizado e corrixido pola comisión. Segundo as cualificacións, na primeira convocatoria, o 9,09% do alumnado obtivo a cualificación de aprobado, o 81,82% de notable e

o 9,09% de sobresaínte. Na segunda convocatoria, o 2,17% obtivo a cualificación de non presentado, o 4,35% obtivo a cualificación de aprobado, o 84,78% obtivo a cualificación de notable, e o 8,69% de sobresaínte.

Asemade, na reunión do 15 de maio traballouse na programación da materia e elaborouse a guía docente, valorouse mellorar a participación nas enquisas dos titores externos (AM-7) mediante a inclusión, na páxina Web, dunha ligazón á enquisa mediante formulario electrónico e establecéronse medidas para evitar as incidencias do curso anterior, entre outras cuestións que se valoraron na reunión.

En canto á satisfacción do estudantado coas prácticas tuteladas realizouse unha enquisa, que foi cuberta polo 100% do alumnado, na que quedou de manifesto o seu alto grao de satisfacción e interese por esta materia. Cabe salientar que a Comisión de Prácticas Tuteladas, na súa reunión do 3 de xullo de 2019, acordou retirar dos criterios de avaliación o exame escrito. Isto foi motivado debido a que se observou que este exame, contemplado da memoria do Grao no sistema de avaliación desta materia, non resultaba moi adecuado pola alta diversidade nas actividades que o alumnado realiza nos diferentes centros. Dende a Comisión de Prácticas Tuteladas propúxose eliminar o exame escrito e establecer a nota exclusivamente pola avaliación do titor externo (60% da nota) e da memoria realizada polo/a alumno/a, que é avaliada pola Comisión de Prácticas Tuteladas (40% da nota). Finalmente esta modificación aprobouse na Xunta de Facultade con data 11/07/2019, o que foi notificado ao SXOPRA da USC e queda pendente como unha modificación menor da memoria do grao.

Cabe resaltar que dende a implantación do Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría fíxose necesaria unha coordinación dos horarios entre as dúas titulacións. No momento do deseño dos horarios lectivos do grao, tense en conta ao alumnado do dobre grao, polo que se fan reunións coa coordinadora do dobre grao co fin de que os horarios sexan axeitados.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

O curso 2018-19 supón o noveno ano despois da implantación do Grao. Dende a súa implantación, ofertábanse 60 prazas (IN01G) para alumnado de novo ingreso en primeiro de Grao en Óptica e Optometría, aínda que dende o curso 2017-18 pasouse a ofertar 55 prazas no primeiro curso, o que se mantivo para o curso 2018-19 (táboa 4). Esta redución de prazas é motivada co fin de reservar 5 para o Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría. En relación ao curso ponte, matriculáronse 17 alumnos/as para continuar estudos e ningún/ha de novo ingreso. Como xa se comentou anteriormente, a partir de este curso deixábase de ofertar prazas de novo ingreso para o curso ponte.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN01	60,00	60,00	60,00	60,00	60,00	55,00	55,00

Táboa 4. Número de prazas ofertadas para cada curso académico (IN01)

Segundo o indicador IN03G, 54 alumnos/as iniciaron os seus estudos por primeira vez, incluíndo tamén ao alumnado que traslada expediente, accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta dende plans en extinción.

Segundo os datos da CIUG (INF.CIUG), dos 55 alumnos/as matriculados/as no primeiro curso, 40 alumnos/as accederon desde o Bacharelato, 13 desde formación profesional, 1 titulado e 1 deportista de alto nivel.

Atendendo ás solicitudes, no curso 2018-19 o número de solicitudes de praza en primeiro de Grao foi de 360, das cales 309 corresponden a alumnos de bacharelato, 51 de Formación profesional, 9 a Titulados

universitarios, 3 a maiores de 25 anos, 1 a maiores de 45 anos, 4 deportistas de alto nivel e 1 a discapacitados. O 100% das prazas de novo ingreso foron ocupadas (INF.CIUG) na 7ª chamada. É de salientar que o 40% dos matriculados escolleron o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, seguido dun 29% que a escolleu como segunda, o que ven reflexado no indicador IN10G. Este indicador mostra que a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción e matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas é dun 40%, dato que véñse replicando dende o curso 2016-2017. Isto supón un bo reflexo da capacidade de captación de alumnos/as, e indirectamente, do grao de vocación do alumnado desta titulación.

A porcentaxe de alumnos/as matriculados/as sobre prazas ofertadas en 1º de Grao (IN12G) é do 98,18 %, lixeiramente inferior ao do curso pasado (100%), aínda que segue sendo alto. Por outra banda, a nota media de acceso por preinscrición para este ano é de 9,57 puntos, similar ao do curso pasado, sendo o valor de nota de acceso máis alto dende o curso 2012-13 (táboa 5). Tamén é importante sinalar que o 100% do alumnado accedeu ao Grao cunha nota media superior a 6, o que vén ocorrendo dende o curso 2013-2014 (IN07G).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN06G	8,64	8,10	8,16	8,78	9,09	9,57	9,57

Táboa 5. Nota media de acceso por preinscrición (IN06G)

En relación ao coñecemento de idiomas, o 40 % do alumnado novo accede á titulación cun nivel acreditado igual ou superior ao B1 nalgunha lingua estranxeira, 6 puntos por riba da porcentaxe do ano pasado.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os procesos desenvólvense de acordo coa normativa propia da USC e da Facultade de Óptica e Optometría.

Na páxina Web da Facultade de Óptica e Optometría (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/index.html>) pódese consultar toda a normativa que rexe o Grao en Óptica e Optometría recollida na seguinte páxina (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/normativa/Normativa-da-facultade.html>).

Nese enlace pódese atopar o regulamento de réxime interno (<https://www.usc.gal/export9/sites/Webinstitucional/gl/centros/opto/Regulamento-R.-Interno-Fac.-Optica-e-Optometria-19.pdf>)

No referente ás Prácticas Tuteladas, na páxina Web da facultade pódese atopar toda a normativa que rexe estas prácticas (<https://www.usc.gal/export9/sites/Webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/practicastuteladas/NORMAS-PRACTICAS-TUTELADAS-definitivo-corregido-3-julio.pdf>)

O Grao en Óptica e Optometría ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, unha normativa para os traballos fin de Grao (TFG) no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/export9/sites/Webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/practicastuteladas/CURSO-2018-2019/1-Regulamento-TFG-Fac.-Optica-e-Optometria-05-12-19.pdf>

Neste curso fíxose unha actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade para axustalo ao regulamento da USC. Os principais cambios son a actualización da Comisión de Título de Grao, no que se propón que ata un 25% do PDI que forme parte desta Comisión poida ser a tempo parcial, a configuración da Comisión de Título de Máster e se engade o Comité Consultivo, que está recollido no Regulamento Xeral da Universidade (aprobado en Xunta de Facultade 30-01-2019).

Durante o curso 2018/2019 recibíuse no centro unha queixa (nº 18/00196) na que un alumno do curso ponte, curso do que xa non se imparte docencia, non podía acceder aos contidos da materia de Saúde Pública, da que se matriculou por primeira vez no curso 2018/19. Logo das diferentes consultas ao XOPRA e ao Ceta, e de ter falado co profesor da materia, déuselle resposta e solución ao problema. Tamén se recibiu no centro, e en base a queixa nº expediente Q 1903/03, a solicitude de informe sobre o rendemento académico dos estudantes da materia Instrumentación Óptica por parte do Valedor da Comunidade Universitaria, informe que se envía coa información solicitada.

Non houbo ningunha outra reclamación relacionada con ningún dos procesos cuxa xestión depende do centro e nas que se aplicarían a normativa xeral de USC e a propia da Facultade (Regulamento de prácticas tuteladas, regulamento de réxime interno).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Óptica e Optometría dispón da súa propia páxina Web na que se pode atopar toda a información relativa ao centro e ao Grao de Óptica e Optometría, onde se recolle a información relacionada cós plans de estudos, obxectivos, contidos e a avaliación das competencias adquiridas polo alumnado. Inclúese tamén información relevante da Facultade, tal como o equipo de goberno e os órganos colexiados, a guía do alumnado no referente a horarios e datas de exames, a normativa da facultade e un apartado de calidade onde se mostran os informes de seguimento, acreditación e plans de mellora do título e do centro. Toda esta información está debidamente ordenada na páxina Web. O seu enderezo é: <https://www.usc.gal/gl/centros/opto/presentacion2.html>

Ademais, elabóranse cada ano unha guía e un díptico sobre o Grao en Óptica e Optometría, que se pode descargar directamente da páxina Web, que se fai chegar a todos os centros de ensinanza secundaria e bacharelato de Galicia a través dun correo electrónico aos/as orientadores/as, ou que se entregan naqueles centros que se visitan dentro do Programa “A Ponte”.

Dende a Facultade garántese un fácil acceso á información relevante do título, fundamentalmente a través da páxina Web. Asemade, cada curso académico convócanse ao alumnado de novo ingreso a un acto de benvinda onde se explica o funcionamento da Facultade. Ademais, nese acto pídese ao alumando que cubran unha enquisa de inicio de curso para obter información relevante. Deste xeito, no curso 2018-19, 54 alumnos/as de novo ingreso de 55 cubriron esta enquisa propia de inicio de curso, que ademais da información acadada no informe da CIUG (INF.CIUG) e do indicador IN03G comentados no punto 1.1 e 1.4, obtívose información mais específica das súas preferencias e do seu itinerario. Así, de todo o alumnado que non escolleu o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, encontrouse que 7 escolleron o Grao en Enfermería como opción preferente, outros 7 o Grao en Farmacia, 3 alumnos/as escolleron o Grao en Biotecnoloxía, 3 o Grao de Física, 3 o Grao de Psicoloxía, 2 o Grao en Odontoloxía e 1 alumno/a escolleu como primeira opción o Dobre Grao de Física e química, o Grao en Fisioterapia, o Grao en Enxeñaría Biomédica e o Grao en Medicina. Tamén obtívose que o 87% do alumnado de novo ingreso estudou a rama de Bacharelato de Ciencias, onde o 11% especificou que optou por unha rama científico-sanitaria, mentres que un 7% proviña dunha rama científico-tecnolóxica. Tan só houbo un alumno/a que e estudou o Bacharelato en Humanidades.

Neste curso, e co fin de mellorar a información relevante do título ao alumnado, creáronse dúas caixas compartidas, unha para o alumnado titor e outro para a delegación de alumnos, que serven de canles directos de información para o alumnado do título.

A valoración da información pública da titulación, que perciben os grupos de interese, ven recollida nos

informes de satisfacción elaborados a través das enquisas pertinentes.

O informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación para o curso 2018/19 (INF.23), indica unha puntuación de 4 sobre 5 no ítem relacionado coa calidade da información pública dispoñible sobre a titulación. Obsérvase unha lixeira diminución, aínda que é moi similar, ao valor acadado na media da USC (4,19).

No informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación para o curso 2018/19 (INF.22), este colectivo puntuou a información dispoñible cun valor de 3 sobre 5, superior ao acadado no curso anterior (2,62) e moi similar á media da USC (3,04). De tódolos xeitos hai que seguir mellorando a percepción da información neste colectivo.

Non obstante é necesario recalcar que a taxa de participación dos diferentes grupos nas enquisas de satisfacción non foi elevada, sendo dun 25% para o profesorado, e moi baixa para o alumnado (4,27% de participación), polo que os seus resultados non son de todo extrapolables .

No grupo de alumnos/as egresados/as, a satisfacción coa información pública dispoñible vén dada polo indicador IN23G, onde se obtivo unha puntuación dun 2,40 sobre 5 (táboa 6), mostrando unha diminución con respecto ao curso pasado, polo que cómpre mellorar este aspecto. Hai que sinalar que non se dispón de datos de participación na enquisa dos/das egresados/as.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2017-18
IN23G	-	2,87	3,37	3,33	3,31	2,40

Táboa 6. Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesarios para poder acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiu superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación do Grao en Óptica e Optometría.

Hai que salientar que existía un desaxuste nas datas entre o plan estratéxico xeral da Universidade, que remata no ano 2020, e o Plan estratéxico da Facultade, que comprendía o período dende o 2014 ata o 2018. Polo tanto, neste curso, seguindo a recomendación da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, ampliouse o período do Plan Estratéxico ata o ano 2020 (Xunta de Facultade 30-01-2019)

Anualmente, a Comisión do Título e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analizan os resultados do título e compáraos co establecido na Memoria, propoñendo as Accións de Mellora que correspondan para corrixir as diverxencias detectadas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A través dos Informes de Seguimento que se contemplan no SGC, e ao longo dos cursos de implantación do Grao en Óptica e Optometría fóronse detectando, analizando e revisando algunhas disfuncións existentes neste. Como resultado desta análise, propuxéronse varias accións de mellora (adaptación e simplificación do SGC ás peculiaridades do título, a mellora da xestión dos espazos e recursos materiais destinados á ensinanza-aprendizaxe das competencias, e o deseño dos procedementos marco que permitan a mellora da

avaliación das competencias clínicas) que se foron implantando. Nalgunhas ocasións, isto levou a introducir modificacións que supuxeron a mellora do título.

Os informes de seguimento do SGC e o informe da ACSUG están publicados na Web do centro: <https://www.usc.es/es/centros/opto/calidade.html>

Neste curso modificouse o SGC do centro para adaptalo ao Sistema de Garantía Xeral da Universidade, mellora que estaba pendente dende o curso 2017-2018. Polo tanto, actualizáronse o manual do SGC e o manual de procesos, os cales foron aprobados na comisión de calidade reunida o 10-07-2019, e na Xunta de Facultade con data 11-07-2019.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise e revisión do SGC realízase dentro da Comisión de Calidade do centro na que están representados todos os grupos de interese excepto os empregadores. Este último grupo mantén unha estreita relación coa Facultade a través do comité consultivo, que se reúne como mínimo unha vez ao ano. Ademais, o convenio co Colexio de Ópticos-Optometristas para a realización das prácticas tuteladas, garante a relación entre os empregadores e a Facultade, así como o intercambio de ideas para a mellora tanto da docencia coma dos procesos relacionados con estas prácticas.

A elaboración da Memoria anual de calidade inclúe a revisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro. Dita memoria é aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade. A última Memoria de Calidade correspondente ao ano 2018 está publicada na páxina Web da Facultade de Óptica e Optometría.

<https://www.usc.gal/es/centros/opto/sgic.html>

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2018-19 no grao en Óptica e Optometría impartiron docencia un total de 52 profesores/as dos cales, 4 son Catedráticos de Universidade, 19 Titulares de Universidade, 2 Catedráticos de Escola Universitaria, 3 Titulares de Escola Universitaria, 6 Profesores Contratados Doutores, 1 Axudante Doutor LOU, 4 Contratados Interinos, 7 Asociados de Universidade LOU, 1 Contratado Posdoutoral da Xunta, 2 Contratados Predoutorais do Ministerio, 2 Contratados Predoutorais da Xunta e 1 investigadora do Programa Marie Curie.

Participan na docencia do Grao en Óptica e Optometría un total de 12 Departamentos de distintas Facultades. En conxunto, o persoal docente do grao ten recoñecido 158 sexenios de investigación e 89 quinquenios de docencia. O 71,15% do Profesorado é doutor e o 53,84% é funcionario de carreira.

En relación ao profesorado relacionado coas prácticas externas indicar que ao tratarse de prácticas tuteladas dunha profesión regulada, o profesorado encargado da súa xestión e avaliación, e que actúan como titor/a académico/a, é o profesorado con capacitación profesional de Óptico-Optometrista, como membros da Comisión de Seguimento de Prácticas Tuteladas. En relación ao traballo fin de grao, tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do Grao están implicados na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFG entre os distintos departamentos con docencia no título, de forma proporcional ao número de créditos impartidos. Salientar que a Área de Optometría asumiu a titorización de 49 TFG dun total de 64 presentados no curso 2018/19; o que supón a titorización do 76 % dos TFG. Este feito é especialmente relevante e supón unha carga considerable para os membros de dita área tendo en conta que a porcentaxe de profesorado da área de Optometría é dun 27 % sobre o total do profesorado da titulación, e que se encargan do 30% da docencia do Grao.

Aínda que se cobren todas as horas de docencia do grao tal e como están establecidos na memoria do título verificada, compre salientar que segue habendo necesidades de profesorado con capacitación profesional para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título. Aínda segue pendente a recuperación das horas de prácticas clínicas que foron, no seu día, substituídas polas horas de docencia interactiva nas materias máis especializadas e profesionalizantes do Grao, todas

elas da área de Optometría (Optometría I, Optometría II, Optometría III e Optometría IV; Contactoloxía I e Contactoloxía II; Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III). Isto fora debido á falta de profesorado na área de Optometría no momento da implantación do Grao. No informe final da renovación da acreditación subliñaron que había que garantir, o antes posible, as horas asignadas ás prácticas clínicas e con iso garantir a adquisición por parte do estudiantado de todas as competencias, especialmente, daquelas que teñan un claro compoñente profesional no ámbito da Optometría. Este cambio supón un incremento de 300 horas aproximadamente de docencia práctica clínica e preclínicas, e é un aspecto sobre o que se ten informado e insistido ao vicerreitorado de profesorado en diversas ocasións ao longo do curso 2018-19 e anteriores.

A USC conta cun programa de formación e innovación docente que ten por finalidade establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Neste curso participaron no programa de formación un 30,77% do profesorado, superior ao curso pasado (26.42%), pero aínda inferior ao curso 2016/2017 (35.42%). Segundo o informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, este colectivo valorou cun 4,18 sobre 5 o interese en recibir apoio para a mellora da docencia no relativo ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e aos recursos docentes.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo as bases de datos da USC, a Facultade conta co seguinte persoal de apoio: 2 técnicos especialistas de investigación, 1 técnico de investigación, 2 persoas da Escala Administrativa (responsable da unidade de xestión e secretaria de Decanato) e 2 postos de oficiais de servizo ocupados ao longo deste curso por tres persoas (debido a unha prexubilación). Sinalar que o conserxe é compartido coa Facultade de Física e realiza a súa xornada principalmente nesa Facultade, o que supón que na conserxería da Facultade de Óptica e Optometría só hai un auxiliar en cada quenda (un de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolven as súas tarefas na conserxería desta Facultade. Hai que salientar que estes dous auxiliares comparten a súa dispoñibilidade horaria coa conserxería da Facultade de Física, de xeito que en ocasións, nas que coincide o período vacacións do persoal, citas médicas, deberes inescusables, etc, o centro ten que permanecer pechado media xornada ao non ter persoal de substitución, co prexuízo que isto ocasiona. Do mesmo xeito a Facultade de Óptica e Optometría tamén comparte á Responsable de Asuntos Económicos coa Facultade de Física.

No sector biblioteca hai que sinalar que a Dirección está compartida coa Facultade de Física e a Facultade de Óptica e Optometría só conta con 2 auxiliares de biblioteca que atenden á sala de lectura en quenda de mañá e tarde. Sinalar que a biblioteca do centro forma parte da biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría e que os dous auxiliares cobren as quendas de mañá e tarde para manter aberta a sala de lectura e o servizo de préstamo.

En relación aos técnicos de apoio á docencia sinalar que os dous técnicos especialistas realizan as labores de apoio á docencia. Un deles realiza toda a súa labor dentro do Servizo de Optometría en horario de 8:00 a 15:00 horas, como apoio á docencia das materias clínicas que se imparten en dito servizo, no que os alumnos atenden a pacientes baixo a supervisión do profesorado, impartindo un total de 900 horas. Debido á especificidade do Servizo e a docencia que nel se imparte, sería necesario a creación dunha praza de técnico de nivel superior, e en todo caso adecuar a xornada de traballo dos técnicos ao horario de atención ao público do servizo.

A USC tamén oferta un programa de actualización e formación para o PAS. No curso 2018-19 o 75% do PAS do centro participou en actividades de formación, porcentaxe superior á do curso pasado (33%).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Grao. Nos últimos anos, a prórroga dos presupostos na USC e a liberación dunha parte moi pequena do presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto, relacionado coas accións de mellora da titulación. Anualmente, o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas.

Nun Centro cun elevado número de horas prácticas, tanto clínica como non clínica, o mantemento e a actualización dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Debido a iso, o Decanato se puxo en contacto con varias empresas do sector para establecer unha colaboración de préstamo de equipos e así facilitar a docencia. Para iso firmáronse convenios coas

devanditas empresas.

A importancia do Servizo de Optometría (SO), do Taller de Óptica Oftálmica e dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía na consecución das competencias específicas da titulación, fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia. No caso do Servizo de Optometría, é de resaltar o feito de que é o centro onde se imparten cada curso un total de 1400 horas de docencia clínica do Grao (900 horas correspondentes as materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III; e 500 horas de Prácticas Tuteladas). É necesario ampliar o espazo do SO, xa que estas 1400 horas actualmente estanse impartindo nun espazo funcional de 46,46 m² espazo que é tamén compartido para 656 horas de docencia do máster en Optometría (16 correspondentes as materias Superficie Ocular e Lentes de Contacto, Olo Seco e Lentes de Contacto, Disconfort Ocular e Lentes de Contacto; e 640 horas de Prácticas Externas) e para actividades de investigación do grupo GI-2092 Optometría.

Toda a información en relación á actividade no Servizo de Optometría queda recollida no Informe do SO, informe bianual que a Directora do SO realiza e que, unha vez consensuado cos membros do SO, envía ao Reitor da USC, así como á Decana da Facultade de Óptica e Optometría. Dito informe recolle información de acordo aos seguintes apartados: (1) Contexto do Servizo de Optometría na USC; (2) Persoal do SO: membros, comisión técnica e directora; (3) Informe docente e asistencial do Servizo de Optometría; (4) Indicadores de Calidade; (5) Informe do Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades); (6) Propostas de melloras; (7) Informe investigador; (8) Accións prioritarias. Nos respectivos informes queda recollido que, debido ao importante número de horas de docencia impartidas no Servizo de Optometría (sobre 1500 horas por curso). Como xa se comentou no punto 1.1, no curso 2018-2019 examináronse un total de 858 paciente, polo tanto é necesario elaborar un plan de financiamento para actualizar/manter as infraestruturas e equipos do Servizo. Na actualidade, o financiamento do SO para este fin provén da asignación dende a propia facultade de acordo á distribución económica entre materias ao asumir dito centro a docencia de 900 horas de prácticas clínicas das materias obrigatorias do Grao (Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III) e 500 horas de prácticas tuteladas.

Segundo o informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14), a satisfacción do profesorado cos recursos necesarios para a docencia no centro era de 3,58 sobre 5 no curso anterior (2018-19), e lixeiramente superior á obtida nos cursos pasados. Lamentablemente, neste curso a enquisa de satisfacción do profesorado non fixo mención a esta cuestión, polo que non se pode sacar información ao respecto.

É necesario indicar que o centro dispón dunha aula de informática para uso docente, con 21 postos (20 para alumnos + 1 para o/a profesor/a), ademais de 5 aulas equipadas con sistemas de proxección (ordenador canon) e pizarras electrónicas. Non obstante é necesario aumentar o número de postos para garantir á atención aos grupos reais de clases interactivas (indicador IN32G). Tamén se debe mellorar a capacidade da rede, xa que só ten capacidade para 20 equipos.

A biblioteca intercentros é unha biblioteca para as Facultades de Física e Óptica e Optometría. Está situada na Facultade de Física, aínda que conta cun punto de servizo na Facultade de Óptica e Optometría, onde están depositados os manuais adecuados para a titulación do Grao en Óptica e Optometría. Na actualidade, a Biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría ten a disposición de todos os usuarios da biblioteca un total de 16.604 monografías en papel (contando co incremento de 163 títulos durante o ano 2019), 507 títulos de monografías audiovisuais e materiais non librarios (vídeos e DVDs, CD-ROMs, microformas...). En canto as publicacións periódicas, dispón de 436 títulos en papel e 38 títulos electrónicos en curso de recepción.

Como parte da Biblioteca Universitaria ten acceso a todos os fondos bibliográficos que se adquiren nos diferentes centros e a través do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGalicia), é posible acceder

aos paquetes de revistas electrónicas que subscribe, entre eles Elsevier, Nature, Springer, Wiley e as coleccións de libros electrónicos de Elsevier e Wiley. Por outra banda, pódese acceder vía FECYT ás bases de datos de Scopus, Web of Science (Medline, Current Content Conect) ou Journal Citation Report, entre outras.

A maiores dos servizos de orientación ao estudiantado do que dispón a USC, cada ano, ao inicio do curso académico, realízase una xornada de acollida para o alumnado de novo ingreso. Convócase a este alumnado a través da páxina Web do centro e mediante un correo electrónico á dirección que consta no formulario de matrícula ou, en caso de non especificar outra, á que lles proporciona a USC. A Xornada consta de dúas fases. Na primeira fase reúnese a todo o alumnado na Aula Magna, onde os recibe a decana acompañada polos membros do equipo decanal, a directora do Servizo de Optometría e o alumnado titor. Logo da benvinda por parte da decana, amósaselle a páxina Web do centro e os seus contidos, e despois o alumnado titor explica os procesos que consideran oportunos (Obtención da TUI, Servizo de Deportes, Servizo de reprografía...). Por outra banda, a directora do Servizo explica o seu funcionamento e invita a todo o alumnado a pasar polo servizo para facerse una revisión visual. A segunda fase ten lugar na aula de informática do centro, epola capacidade de dita aula, dividise ao alumnado en dous grupos. Nesta sesión o persoal da biblioteca tamén fai una presentación para informar dos seus servizos, que leva por título “Presentación da Biblioteca Universitaria, da súa páxina Web e uso do seu catálogo”. Despois, o alumnado realiza unha práctica individualizada de búsqueda e solicitude de préstamo de libros.

O alumnado do Grao en Óptica e Optometría realiza prácticas tanto na Facultade coma nos Hospitais do SERGAS (prácticas das materias enfermidades oculares I e II), en Fogares Residenciais de Maiores (Prácticas de Optometría IV) e por último as Prácticas Tuteladas nas Ópticas. No curso 2018-19 algúns alumnos tamén fixeron prácticas dentro dun proxecto Aprendizaxe Servizo (ApS) de optometría pediátrica en centros sociais nos que realizaron exames visuais a nenos e nenas desfavorecidos socialmente. Todas estas prácticas realízanse ao amparo dos convenios co SERGAS, coa Consellería de Benestar Social e co Colexio de Ópticos e Optometristas de Galicia e/ou con Ópticas de fóra de Galicia.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades académicas, metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación desenvólvense de acordo ao recollido na memoria verificada do título. Antes da finalización do curso académico o profesorado das distintas materias revisan e actualizan o programa destas para o seguinte curso, de forma que cumpran co establecido na memoria verificada.

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade, e polo tanto a participación nestas é de especial relevancia. A porcentaxe de participación nestas enquisas dos diferentes grupos de interese do Grao en Óptica e Optometría é moi desigual. O grupo de interese con maior participación nas enquisas de satisfacción é o dos titores de prácticas externas cunha participación dun 40,91%, moi similar ao do profesorado, cunha porcentaxe de 40,38%, a continuación segue o alumnado cun 35,74% e os alumnos egresados cunha porcentaxe de 5,45%. Con respecto ao curso anterior apréciase un aumento considerable na participación do grupo de titores de prácticas externas, sendo case dun 20%. Isto indica que a acción de mellora aplicada no curso 2017-18 (AM-7) foi un éxito. A participación do profesorado sufriu unha lixeira diminución dun 4%, mentres que o grupo do alumnado presenta unha porcentaxe de participación practicamente similar á do curso pasado. Pola outra banda, a participación dos alumnos egresados sufriu unha diminución considerable, polo que cómpre reforzala (ver táboa 7).

Participación nas enquisas (%)	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019
Profesorado	34	47,92	33,33	44,23	40,38
Alumnado	31,39	30	27,27	35,25	35,74
Titores prácticas externas	11,11	17,78	12,68	20,97	40,91
Alumnos egresados	5,88	11,48	8,77	10	5,45

Táboa 7. Participación dos distintos grupos nas enquisas de satisfacción

Con respecto ao alumnado, a valoración global da satisfacción coa docencia recibida é dun 3,92 sobre 5, practicamente similar á acadada no curso pasado (3,90). Atendendo á valoración individual dos ítems da enquisa, hay que salientar que neste curso houberon modificacións en relación á enquisa do curso anterior, polo que nalgúns ítems as enquisas nos son comparábles. Neste curso, e do mesmo xeito ca no curso pasado, as puntuacións máis baixas

corresponderon aos ítems da enquisa relacionados co material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) (3,69) e coas propostas do profesorado para realizar actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (3,60). Pola contra, as puntuacións máis altas correspondense cos ítems relacionados coa explicación da programación e os criterios de avaliación da materia docente (4,17) e co cumprimento do programa e o plan de traballo previsto (4,25).

En relación ao profesorado, a valoración media da súa satisfacción coa docencia impartida foi dun 4,18 sobre 5, superior á do curso anterior (3,75). Analizando en detalle a enquisa de satisfacción realizada polo profesorado a puntuación máis baixa corresponde aos ítems relacionados coa participación do alumnado no desenvolvemento das clases (3,69), aínda que superou a valoración do curso pasado (3,52), e coa satisfacción da titorización do TFG/TFG (3,67), novo ítem que se engadiu neste curso. Pola contra, as puntuacións máximas corresponden a dous novos ítems incorporados na enquisa deste curso, e fan referencia ao grao de accesibilidade do profesorado co alumnado nas clases e titorías (4,73) e se é correcto o trato do profesorado co alumnado (4,89).

Respecto aos egresados, a satisfacción xeral coa titulación é dun 2,59 sobre 5, inferior ao curso pasado (3,32). De tódolos xeitos, hai que ter en conta que a participación deste colectivo foi claramente inferior ao do curso pasado (5,45%), polo que estes resultados hai que tomalos con precaución. Tendo en conta a enquisa de satisfacción, e considerando os ítems relacionados coa docencia recibida, pódese ver que a puntuación mais baixa está relacionada coa idoneidade de medios informativos como folletos, anuncios en prensa ou publicidade para obter información (1,67), mentres que os ítems máis valorados son os referentes á satisfacción coa formación teórica (4) e as prácticas externas (4).

En relación aos titores de prácticas externas, destacar que o grao de satisfacción deste grupo cos programas de prácticas externas (IN20) foi dun 4,15 sobre 5, lixeiramente superior ao obtido no curso pasado (4). O ítem menos valorado foi o relacionado coa formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades (3,79). Este ítem tamén foi o menos valorado no curso pasado (3,23), aínda que se apreciouse un aumento sensible. Os ítems máis valorados foron os referidos ao grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas (4,42) e ao grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado (4,42).

Os resultados de aprendizaxe deben garantir que os estudantes acaden os obxectivos do programa formativo, sempre en coherencia con perfil de egreso. Para a valoración destes resultados faise uso dos indicadores pertinentes que se detallan a continuación.

A taxa de rendemento do título (IN34G) mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. En xeral, obsérvase que mantén unha tendencia similar aos últimos cursos (táboa 8).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN34G (%)	77,26	78,95	79,60	73,81	80,72	79,14	80,61

Táboa 8. Taxa de rendemento do título (IN34G)

Cando se obtén a Taxa de éxito do título (IN35G), definida como a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, obsérvase que se aprecia un incremento dos resultados con respecto á taxa de rendemento (táboa 9).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN35G (%)	84,29	87,00	87,53	85,13	87,29	85,06	87,66

Táboa 9. Taxa de éxito do título (IN35G)

A taxa de graduación (IN37G), definida coma a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso, foi dun 59,68%, e mostra unha lixeira tendencia a diminuír dende o curso 2016-17 (táboa 10). Isto indica un aumento do porcentaxe de alumnos/as que rematan os estudos máis tarde do que correspondería. Sen embargo, segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38G), o alumnado supera os créditos do plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría nun promedio de 4,56 anos (táboa 11). Aínda que é lixeiramente superior á duración do grao, pódese dicir que o alumnado completa os estudos de grao nun tempo razoable.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN37G (%)	-	65,00	45,76	69,64	65,45	59,68

Táboa 10. Taxa de graduación (IN37G)

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN38G	4,00	4,43	4,62	4,77	4,68	4,56

Táboa 11. Duración media dos estudos (IN38G)

Atendendo ao rendemento por materias, pódese apreciar que no curso 2018/2019, o perfil global das cualificacións mantívose con respecto ao curso anterior. Nas materias clínicas obrigatorias, directamente relacionadas coa profesión de Óptico-Optometrista, a taxa de rendemento alcanza en case todas elas un valor do 100%. Este alta porcentaxe débese á avaliación continua, o desenvolvemento da metodoloxía docente baseada en casos prácticos e clínicos, así coma na presentación e defensa de traballos persoais e en grupo. Tamén alcanza unha alta taxa de rendemento as materias preclínicas e as materias técnicas relacionadas coa profesión; en todas elas a taxa de rendemento superou o 80%, excepto na materia Óptica Oftálmica I (76,09%). Apréciase, en xeral, un aumento da taxa de rendemento en relación ao curso anterior. Se atendemos ás materias que no curso pasado presentaban unha taxa inferior ao 50%, todas elas experimentaron un aumento notable, chegando a superar o 50%, excepto na materia Instrumentación Óptica. Deste xeito, Óptica Xeométrica pasou dunha taxa de rendemento do 37,29%, no curso 2017/2018, ao 57,26% no 2018/2019, Bioquímica pasou do 40,43% ao 53,16%, Bioloxía do 41,46% ao 51,09% e Fisioloxía Ocular do 42,86% ao 61,45%. A materia Instrumentación Óptica diminuí a súa taxa, pasando dun 45,16% ao 40,68%, sendo ésta a materia que presenta a menor porcentaxe, e a única que presenta unha taxa de rendemento menor do 50%. O Servizo de Xestión Académica fai unha convocatoria anual de Apoio Titorial Extraordinario no que o profesorado da materia individual para cada alumno/a. No curso 2018-19 solicitaron e recibiron este apoio 20 alumnos/as para a materia Instrumentos Ópticos, no que a avaliación realizouse por medio de exames parciais.

Cando atendemos a estes resultados considerando ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito do título (IN35G) obsérvase un incremento con respecto á taxa de rendemento en todas as materias. Este incremento é maior nas materias que presentaban un menor valor nas dúas taxas. Este efecto é especialmente importante na materia de Instrumentación Óptica, que pasou dunha taxa de rendemento dun 40,68% a unha taxa de éxito dun 59,26%, sendo superior á acadada o curso pasado. Isto indica unha clara influencia dos resultados do alumnado que non se presentan ao exame desta materia. Hai que salientar que Enfermidades Oculares I foi a materia que presentou a menor taxa de éxito (56,34%).

Por outra banda, como non hai datos dispoñibles con respecto ao indicador de adquisición de cada unha das competencias do título, realizáronse enquisas ao estudantado nalgunhas materias, adaptando o tipo de enquisa ás características destas. Isto permítenos coñecer a satisfacción do estudantado coa docencia recibida, e a súa valoración sobre as competencias adquiridas. Realizáronse nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II, Clínica Optométrica III, materias nas que a enquisa se

adaptou ás competencias específicas recollidas nas Directrices Propias desta titulación (*Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo*). Ditas enquisas poñen de manifesto que no curso 2018-19, arredor do 95% do estudiantado mostrou un alto grao de satisfacción coa formación recibida e na adquisición de competencias, valor similar ao do curso 2017-18. Isto pon de manifesto que o tipo de profesorado para este tipo de prácticas clínicas é o axeitado; a experiencia profesional do profesorado asociado supón unha garantía para a docencia clínica en optometría. Tamén hai que resaltar que practicamente a totalidade do alumnado considera que o número de pacientes reais debería incrementarse, incluíndo tamén mais pacientes de diferentes tipoloxías.

É importante salientar que un indicador da adquisición de competencias clínicas propias da titulación é o número de pacientes vistos polo alumnado. Así, o número de prácticas clínicas sobre pacientes reais, prácticas que se imparten nun módulo de 5 alumnos/as por profesor/a, son unha garantía de adquisición das competencias específicas establecidas para o Grao en Óptica e Optometría da *Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo*. Este criterio está en consonancia coas esixencias do Diploma Europeo en Optometría (establecido polo “European council of Optometry and Optics” (ligazón na páxina Web da Facultade <http://www.ecoo.info>) e co establecido polo “General Optical Council”, que xustifican a adquisición de competencias en optometría polo número de pacientes reais vistos por alumno/a. Así, o alumnado do Grao en Óptica e Optometría desenvolve, de maneira supervisada, actividade clínica propia de titulación sobre pacientes reais no Servizo de Optometría da USC nas materias: Clínica Optométrica I (4,5 créditos), Clínica Optométrica II (4,5 créditos), Clínica Optométrica III (6 créditos). O número de pacientes vistos no SO foi de 858 pacientes no curso 2018-2019. Ao finalizar as tres materias de Clínica Optométrica, cada alumno revisou ao redor de 60 pacientes, valor que se mantén na liña dos últimos cursos. Ademais, continúaase coa aplicación do portafolio de práctica clínica segundo o modelo establecido polo “European council of Optometry and Optics” para o Diploma Europeo, e polo “General Optical Council”, e cuxa finalidade é poder acreditar para cada alumno/a a súa experiencia clínica supervisada, así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo o informe da CIUG, no curso 2018/2019 solicitaron o acceso ao Grao en Óptica e Optometría un total de 360 estudantes dos cales 309 corresponden a alumnado que proceden do bacharelato, 51 a alumnos/as de Formación Profesional, 9 eran titulados universitarios, 3 proceden das probas de acceso para maiores de 25 anos, 1 proceden das probas de acceso para maiores de 45 anos, 1 discapacitado e 3 deportistas de alto nivel.

A matrícula no grao pechou na sétima chamada cun total de 55 alumnos/as matriculados, dos cales 40 ingresan dende o Bacharelato, 13 de Formación profesional, 1 era titulado universitario e 1 deportista de alto nivel. O 76% do alumnado matriculado son mulleres. A nota media de acceso por preinscrición foi superior a 9 puntos, tanto para o alumnado de bacharelato, coma os de formación profesional. No caso do alumnado de bacharelato, a nota media de acceso (9,647) foi similar á do curso pasado (9,612), mentres que para os de formación profesional, esta nota media (9,282) foi lixeiramente inferior á acadada no pasado curso (9,557).

Como mencionamos no criterio anterior, as taxas de rendemento e de éxito obtidas no curso 2018/2019 foron de 80,61% e 87,66%, respectivamente. Aínda que ámbalas taxas mostraron un leve incremento con respecto ao curso pasado (ver táboas 12 e 13) e cuns valores elevados e indicativos de que se están alcanzando os resultados de aprendizaxe. Nos dous primeiros cursos a porcentaxe dos dous indicadores é máis baixa, especialmente no primeiro curso. Isto pode ser debido a que en terceiro e cuarto están as materias máis específicas da titulación e as optativas do grao, nas que se acadan porcentaxes máis altas nestas taxas. Hai que salientar a baixa taxa de rendemento das materias sen asignación a curso (35,73%, táboa 12) que pola contra, obteñen unha elevada taxa de éxito (89,02%, táboa 13) o que é claramente indicativo de que a baixa taxa de rendemento estaba motivada polo alumnado que non se presentou aos exames desas materias.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	67,51	65,45	66,75	58,74	68,95	60,80	68,19
2º curso	72,71	79,31	77,02	70,46	75,90	74,16	73,26
3º curso	95,96	95,32	98,57	96,37	97,51	95,85	94,69
4º curso	78,40	95,85	97,18	91,72	94,55	98,87	97,94
Sen asignación a curso	0,00	64,31	61,02	48,31	58,12	59,29	35,73
Total (%)	77,26	78,95	79,60	73,81	80,72	79,14	80,61

Táboa 12. Taxa de rendemento do título (IN34G)

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	75,34	74,64	76,46	72,33	75,75	68,99	77,25
2º curso	79,56	84,27	82,69	79,20	82,05	80,57	81,01
3º curso	97,10	95,94	98,72	97,31	98,79	97,08	97,29
4º curso	99,29	100,00	100,00	99,84	100,00	99,19	98,88
Sen asignación a curso	0,00	90,75	88,78	86,65	94,47	93,75	89,02
Total (%)	84,29	87,00	87,53	85,13	87,29	85,06	87,66

Táboa 13. Taxa de éxito do título (IN35G)

Analizando os resultados por materias, obsérvase que acadan un 100% de taxa de rendemento case a totalidade das materias optativas do Grao e algunhas das materias máis específicas da titulación. Ademais, a taxa de rendemento no resto de materias é alta, superando o 80% en todas elas a partir do terceiro curso, e o 90% excepto nas materias Anomalías da Visión Binocular e Rehabilitación visual (84%), Medicación Ocular Tópica e Sistémica (87,72%) e Probas Complementarias do Sistema Visual (80,77%) de terceiro curso, así como Astronomía Básica (88,24%) e Traballo Fin de Grao de cuarto curso (81,94%). Nos dous primeiros cursos a taxa de rendemento máis baixa corresponde ás materias de Instrumentación Óptica (40,68%), Bioloxía (51,09%), Bioquímica (53,61%), Enfermidades Oculares I (54,05%) e Óptica Xeométrica (57,26%).

Cabe destacar que en todas as materias a taxa de éxito foi superior á de rendemento. Este feito é especialmente importante das materias de Instrumentación Óptica (59,26%), Óptica Xeométrica (69,07%) e Bioloxía (62,67%) son superiores á taxa de rendemento en máis dun 10%, polo que unha parte importante destes resultados están motivados polo alumnado que non se presentou ao exame, sendo a porcentaxe de non presentados no curso 2018-19 de 28.81% no caso de Instrumentación Óptica, de 14.53 % en Óptica xeométrica, e de 16.3 % no caso de Bioloxía.

Como se comentou no criterio anterior a taxa de graduación (59,68%), é máis baixa cá obtida no curso pasado, e mostra unha lixeira tendencia a diminuír dende o curso 2016-17 (táboa 10). Sen embargo, segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38G), o alumnado supera os créditos do plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría nun promedio de 4,56 anos. Aínda que é lixeiramente superior á duración do grao, pódese dicir que o alumnado completa os estudos de grao nun tempo razoable.

Hai que salientar que todos os indicadores de resultados obtiveron un valor superior ao acadado na media da USC, excepto no referente á taxa de éxito, onde o valor acadado na titulación (87,66%) foi lixeiramente inferior á media da USC (87,78%).

Para analizar o grao de abandono do alumnado da titulación temos os indicadores da taxa de abandono (IN41G) e a taxa de abandono no primeiro curso (IN40G).

A taxa de abandono é definida como a relación porcentual entre o estudantado dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Neste curso houbo un aumento desta taxa con respecto ao curso anterior, situándose en valores similares ao curso 2016/17. Aínda que a esta titulación conta cunha boa taxa de ocupación (98,18), que indica a capacidade de captación do alumnado, non se debe deixar de lado a posible perda de alumnos por abandono, sobre todo se este indicador aumenta nos futuros cursos. De tódolos xeitos, a taxa de abandono deste grao segue sendo inferior á taxa media da USC (22,10%).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN41G (%)	-	13,33	33,90	19,64	14,55	19,35

Táboa 14. taxa de abandono (IN41G)

Pola contra, obsérvase que a taxa de abandono no primeiro curso diminuíu considerablemente con respecto aos cursos anteriores, o que a sitúa na menor taxa obtida dende o curso 2013/14, e sendo claramente inferior á

media da USC (15,88%).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN40G (%)	5,00	28,81	17,86	10,91	11,29	30,51	9,43

Táboa 15. taxa de abandono no primeiro curso (IN40G).

Por último facemos mención da taxa de idoneidade na graduación, definida como a relación porcentual entre o estudiantado que finalizou os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes, e a súa cohorte de ingreso. A mos información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica. Neste curso houbo unha diminución en relación aos dous cursos anteriores, con taxas de idoneidade que se achegan ao 40%.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN51G (%)	28,81	42,86	41,82	35,48

Táboa 16. taxa de idoneidade na graduación (IN51G).

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que a participación nas enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese é bastante baixa, consideramos que a evolución do Grao é en xeral satisfactoria. Esta reflexión baséase na ampla demanda de ofertas de traballo recibidas na Facultade, nos bos resultados de inserción laboral dos nosos titulados e na cualificación como cuarta Facultade de Óptica e Optometría máis demandada de España segundo o ránking elaborado por “El Mundo” no curso 2018/2019, destacando neste ranking o papel fundamental da clínica de optometría da USC, o Servizo de Optometría, para a adquisición das competencias clínicas dos estudantes. Atendendo aos resultados das enquisa do profesorado sobre a titulación, indicar que a participación deste colectivo foi dun 25%. Hai que salientar que para este curso a enquisa modificouse, polo que non é comparable coa do curso pasado. No referente ao apoio á docencia, 4 dos 6 ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración por enriba da media da USC. O ítem menos valorado foi o referente a se os recursos educativos dispoñibles eran axeitados, obtendo una puntuación do profesorado de 3,85 sobre 5, inferior á media da USC (3,93). Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación for o que valoraba a atención prestada polo persoal de administración e servizos, obtendo una puntuación de 4,62 sobre 5, superior á media da USC (4,32). Os ítems que valoraban a calidade da información do título, o equipamento das aulas e a utilidade do campus virtual obtiveron unha puntuación maior ou igual que 4. Isto supón unha mellora en relación ao curso pasado, no que o profesorado mostrábase pouco satisfeito co nivel dos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento. Cabe recordar que neste sentido, unha das accións de mellora que se ven desenvolvendo anualmente é a elaboración dunha listaxe priorizada de material indispensable para os laboratorios docentes e das diferentes aulas.

No referente aos aspectos académicos da titulación, 7 dos 8 ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración por enriba da media da USC. O ítem menos valorado foi o referente a se os docentes estaban coordinados na organización do título, obtendo una puntuación de 3,31 sobre 5, inferior á media da USC (3,66). Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación foi o que valoraba o calendario de probas de avaliación, obtendo una puntuación de 4,54 sobre 5, superior á media da USC (4,08). Os

restantes ítems, que valoraban os horarios, a formación das competencias, a distribución da carga de traballo e dos contidos teóricos e prácticos, así como a organización e a calidade docente da titulación, obtiveron unha valoración igual ou maior que 4 e superior á media da USC.

Finalmente, no referente ao alumnado, só 2 dos 5 ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración por enriba da media da USC. O ítem menos valorado foi o referente a se o alumnado acode con regularidade ás clases, obtendo una puntuación de 3,38 sobre 5, inferior á media da USC (3,74). Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación foi o que valoraba o grao de satisfacción coa titulación, obtendo una puntuación de 4,15 sobre 5, superior á media da USC (3,98). Os restantes ítems, que valoraban se o alumnado cumpría coa planificación académica, estaba implicado/a e satisfeito/a coa titulación, obtiveron unha valoración entre 3,45 e 3,92 sobre 5.

En relación á enquisa de satisfacción coa titulación do alumnado, a participación deste colectivo foi moi baixa, tan só dun 4,27%, polo que os resultados non son consistentes. Do mesmo xeito que ocorreu no colectivo do profesorado, esta enquisa modificouse neste curso, polo que os resultados non son totalmente comparables coa do curso pasado. No referente ao apoio e orientación ao alumnado, tan só 1 dos 7 ítems polos que se preguntan ao alumnado obtiveron una valoración por enriba da media da USC, que avaliaba a orientación laboral e profesional. O ítem menos valorado foi o referente a se as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro eran axeitados, obtendo una puntuación do alumnado de 2,20 sobre 5, inferior á media da USC (2,68) que tampouco era moi alta. Esta valoración é moi inferior á que ofrecía o profesorado na súa enquisa (4,00). Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación foi o que valoraba os trámites de matriculación, obtendo una puntuación de 3,60 sobre 5, inferior á media da USC (3,76). Os restantes ítems que valoraban a información e recursos educativos dispoñibles, a atención do persoal de administración e servizos, a orientación profesional e laboral recibida no centro e a utilidade do campus virtual para as xestións académicas obtiveron unha valoración entre 2,40 e 3,20 sobre 5. Como xa se comentou antes, a participación desta enquisa foi moi baixa, polo que estes valores débense tomar unicamente como referencia. Para este curso comezáronse a adoptar medidas encamiñadas a mellorar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, facendo máis visible e fácil o acceso á enquisa dende a aula virtual e da propia páxina Web da Facultade. Hai que intensificar as accións máis directas para incrementar a participación nestas enquisas, como a dedicación dos primeiros minutos dunha clase para realizar as enquisas nas aulas, facer reunións cós representantes, titores e delegados de curso para a difusión da relevancia das enquisas. Neste sentido propónse continuar coa acción de mellora para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.

Respecto á enquisa de satisfacción dos/das titores/as externos/as de prácticas externas sinalar a participación dun 40,91%, o que supón a maior participación nas enquisas que se recolle dende a implantación do título. Isto foi motivado pola acción de mellora (AM-7) que se desenvolveu pola Comisión de prácticas Tuteladas para mellorar a comunicación entre titores externos e titores académicos. En xeral este colectivo amósanse bastante satisfeito coa práctica realizada polo alumnado (puntuación de 4,42 sobre 5) e co grao de cumprimento das actividades asignadas por parte do alumnado (puntuación de 4,42 sobre 5), sendo os dous ítems máis valorados da enquisa. O ítem co que menos está satisfeito este colectivo é co referente á formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas (puntuación de 3,79 sobre 5). O resto dos ítems obtiveron unha puntuación maior de 4 puntos. Apréciase, por parte deste colectivo, a mesma tendencia en relación ao curso pasado a considerar os ítems mellor e peor valorados, aínda que neste curso as puntuacións foron máis altas. Esta mellora da valoración das prácticas externas tamén ven indicado no indicador de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (IN20), cun valor de 4,15, superior ao do curso 2017/18 (4.00).

Na Facultade de Óptica e Optometría hai dous técnicos de laboratorio directamente implicados no desenvolvemento da docencia do grao, pero non existe ningún procedemento de medida da súa satisfacción co

Grao, agás a enquisa de satisfacción do PAS da Facultade.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación aos datos de inserción laboral, é necesario salientar que só se dispón de datos correspondentes á promoción que se graduou no curso 2013-2014. Dos 52 alumnos/as que se titularon nese curso académico, o 73,1% estaba afiliado á seguridade social un ano despois da titulación. O 13,2% era autónomo e o 50% tiña un contrato indefinido. Os datos recollidos dous, tres e catro anos despois, indican un aumento considerable destas porcentaxes. De feito, catro anos despois de egresar a taxa de afiliación era do 92%, cun 10% de autónomos e un 69,8% de traballadores con contrato indefinido. O 100% dos egresados figuraban no grupo de cotización de titulados.

Un bo indicador da inserción laboral son os resultados dun estudo realizado pola ACSUC da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia. Neste estudo fíxose un seguimento dos titulados/as que estiveron matriculados no curso 2013-2014 e fixeron o depósito de título ao longo do ano 2014. O desenvolvemento do estudo comprendía a recollida de datos en 2017. De toda a mostra o 25% era home e o 75% muller, tendencia similar ao atopado no Sistema Universitario de Galicia (SUG), cunha proporción de 39,06% para homes e 60,94% para mulleres. É notable que o 100% dos egresados nesta titulación estaba traballando, porcentaxe superior ao recollido no SUG (79,59%), o que establece o alto grao de ocupación para os/as titulados/as en Óptica e Optometría. Ademais, dende que acabaron os estudos tardaron un tempo medio de 1,79 meses en encontrar traballo, moi superior á media das titulacións do SUG (10,42 meses). O 4,17% da mostra traballaba por contra propia e o 95,83% por conta allea e, en relación ao tipo de contrato, o 86,96% dos contratos eran indefinidos, mentres que o 13,04% eran eventuais. Este resultado é o dobre dos contratos indefinidos atopados na media das titulacións do SUG (41,38%). Tamén é importante resaltar que o 87% dos egresados no Grao de Óptica e Optometría exercían durante o seu traballo actividades específicas da titulación.

Outros datos interesantes neste estudo é que o 20% da mostra estaba cursando estudos universitarios, dos cales un 20% eran estudos de grao, un 40% máster e o 40% restante doutoramento e se volverían a cursar a súa titulación, o 83,33% respondeu que sí, mentres que o 16,67% non a volvería a cursar.

Na páxina Web da Facultade existe unha bolsa de traballo a disposición pública tanto de alumnado egresado como de empregadores. É necesario mencionar que a través deste mecanismo no curso 2018-2019 recibíronse arredor de 87 ofertas de emprego para titulados, tanto de empresas de Galicia como de empresas nacionais e estranxeiras.

<u>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace Web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace Web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502224_P.Ind_2018-2019
			2502224_INF.16_2018-2019
			2502224_INF.CiUG_2018-2019
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502224_P.Ind_2018-2019
			5056_INF.03_2018-2019
2	E9	Páxina Web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502224_P.Ind_2018-2019
			2502224_INF.04_2018-2019
			5056_INF.05_2018-2019
			2502224_INF.06_2018-2019
			2502224_INF.07_2018-2019
			2502224_INF.08_2018-2019
			2502224_INF.09_2018-2019
			5056_INF.10_2018-2019
			5056_INF.11_2018-2019
			2502224_INF.13_2018-2019
			2502224_INF.14_2018-2019
			5056_INF.21_2018-2019
			2502224_INF.22_2018-2019
			2502224_INF.23_2018-2019
2502224_Informe_de_indicadores_2018-2019			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502224_P.Ind_2018-2019
			2502224_Informe_de_indicadores_2018-2019

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502224_E15_2018-2019
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5056_E16_2018-2019
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5056_I6-I7_2018-2019
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5056_I6-I7_2018-2019
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502224_INF.13_2018-2019
			2502224_INF.14_2018-2019
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5056_I10_2018-2019
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace Web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace Web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace Web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502224_INF.15_2018-2019
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimientto - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502224_P.Ind_2018-2019
			2502224_INF.17_2018-2019
			2502224_INF.18_2018-2019
			2502224_INF.19_2018-2019
			2502224_INF_SIIU_2018-2019
			2502224_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502224_P.Ind_2018-2019
			2502224_INF.CIUG_2018-2019
			2502224_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502224_EIL-SIIU_2018-2019 2502224_EIL-ACSUG_2018-2019
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502224_P.Ind_2018-2019 2502224_Informe_de_indicadores_2018-2019 2502224_MedUSC_2018-2019

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Realizouse un estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
Definición/ descrición proposta	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Detectouse nos informes de seguimento do grao e no proceso de renovación da acreditación, falta de información relativa á metodoloxía docente e aos sistemas de avaliación, tanto na memoria do grao extraíble da aplicación do Ministerio coma nas programacións docentes das materias.
Definición/ descrición proposta	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2019-2020)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Análise do estado do material docente e establecemento de criterios de priorización para a súa renovación.
Definición/ descrición proposta	Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2019-2020)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Non se están analizando convenientemente a taxa de abandono do título.
Definición/ descricao proposta	Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Para acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun <i>portafolio</i> deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos.
Definición/ descripción proposta	Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
Definición/ descricao proposta	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 10/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Mª Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

